

TEATRO NA CASA DA CULTURA 2010

Marzo

O venres día 12 de marzo a compañía de teatro Malasombra representará “O día do pai” ás 21:00 h na Casa da Cultura “Ramón Martínez López”

Teatro adultos/ comedia

***A partir de 12 anos**

Organiza: Concellería de Cultura do Concello de Boiro e Agadic

Sinopse: Delirante comedia que o seu autor cualifica de western clínico... Tres homes loitando por unha selección natural nunca clínica de reproduciónasistida. Por que os homes queren ser pais? Descubriremolo en 80 minutos de risa.

Elenco: Pablo Alvarado, Alberto Rolán, Josué García e Xoque Carbajal

Sábado 27 de marzo ás 21:00 h o grupo de teatro afeccionado de Muros representará “A estraña familia”

Abril

Venres 16 de abril ás 21:00 h Fulano, Mengano e Citano, S.L. representará Nunca menos ás 21:00h.

Teatro adultos/comedia

Elenco: Manuel Pombal, Manuel Botana e Suso Pando

Sinopse: Nunca menos é un percorrido en clave de humor ácido e autonómico pola historia de Galicia: desde os castrexos, romanos, suevos ou normandos, ata as loitas tribais nas beiras das fragas entre touriños, Quintanas e Feijoos.. Nunca menos lévanos por todos eses períodos de luz e de sombras, ás veces de apagón total, que fixeron de nós o que hoxe somos.

Venres 23 de abril ás 11:30 h destinado a escolares

ás 20:00 h a compañía Talytakumy representará os contracontos de Talyta e Kumy.

Teatro infantil /comedia

Talyta e Kumy chegan ao sitio crendo que se atoparán cunha festa para velliños da terceira idade. Condo saen da súa caixa máxica, para a súa sorpresa, atopan nenos e sen daber que facer, deciden de contado saír do apuro convertendose en pequenas marionetas que narrarán os contos clásico infantís. Mais axiña se decatan de que a distribución de personaxes, un tanto disparatados lles dará a volta aos seus propios contos en “contracontos”: a bruxa de Brancaneves comerá a mazá, Caperuchina vermella levará o lobo á casa da súa avoa para cear, etc

Organiza: Concellería de cultura do Concello de Boiro e Agadic.

Venres 30 de abril Talía teatro representará Menos Lobos conmemorando o seu décimo aniversario do estreno desta obra. Destinada a escolares e a público aberto ás 20:00 h

Teatro infantil/ comedia

Jennifer, Christopher e jonathan son tres nenos de sete anos que van á casa da súa amiga Jessica a celebrar o seu aniversario, pero que se atopan coa noticia de que a festa é mañá. Menos lobos é un espectáculo áxil onde o ritmo trepidante dos seus diálogos intentará en todo momento captar a atención do público